



BANDO

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AS NEVES

FAI SABER:

Que o Programa Galego de Detección Precoz do Cancro de Mama da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, en colaboración coa AECC, (que consiste na realización gratuíta de mamografías a tódalas mulleres de 50 a 69 anos), inicia a súa Campaña no Concello das Neves do 13 ó 19 de setembro de 2.016.

Ponse a disposición un medio de transporte de balde para facilitarle a viaxe de ida ata a unidade de exploración mamográfica sita na CASA DO MAR en Beirarmar, 51, 2ª pranta, en VIGO, e regreso ao Concello.

O uso deste transporte non é obrigatorio, polo que se vostede o desexa, pode acudir polos seus propios medios á cita.

Sinálase seguidamente as paradas e horarios de saída das Neves:

- As Neves (Aparcadoiro do Colexio Público) as 8,00 horas e 11,30 horas.
- Tortoreos (Casa Conde), ás 8:10 horas e 11:40 horas.

Mediante unha carta da Consellería, comunicaráselle o día e a hora que teñen que acudir á cita exploratoria.

Tódalas mulleres que teñan entre 50 e 69 anos e que non recibisen carta poden chamar o teléfono 981/14.14.14, onde lles darán unha cita.

As Neves, a 3 de Agosto de 2.016.

Asdo: Xosé Manuel Rodríguez Mendez.